# Cantantes Líricas GALEGAS

## DOS SÉCULOS XIX E XX

### GALICIA, PORTUGAL, AMÉRICA

**Centro Galego de Lisboa.**
**Do 10 de abril ao 18 de maio de 2025**


COMISARIOS

**Francisco Javier Garbayo Montabes**
(Universidade de Santiago de Compostela)

**María del Carmen Lorenzo Vizcaíno**
(Universidad Internacional de La Rioja)


O século XIX foi a gran época do teatro lírico en Europa. Galicia non foi allea a este fenómeno, de xeito que a partir dos seus inicios atopamos as figuras de grandes cantantes líricas que percorreron os escenarios de Europa e América. O noso elenco ábrese coa figura da coruñesa Benita Moreno, considerada como a introdutora do canto rossiniano na corte madrileña. Atopamos despois a Cristina Villó, tamén coruñesa, triunfadora nos teatros de Turín, Ámsterdam, Bruxelas, Madrid e Valencia. De Ferrol era Carolina Casanova de Cepeda, quen fixo unha importante carreira percorrendo toda Europa e América do Sur. Cerca naceron Rosario Salgado (Pontedeume), mestra moi recoñecida en Arxentina, e Asunción R. Lantes, estrela do Teatro Tacón da Habana. En Cuba tamén triunfou a ourensana Dorinda Rodríguez, comprometida coa defensa e exaltación da lingua e a cultura de Galicia dende a emigración.

Aínda que non era galega, Bibiana Pérez, coñecida como "La Perecita", casou co tenor de Malpica Ignacio Varela; xuntos fundaron unha academia de música na Coruña da que sairía unha importente escola de cantantes líricas como Lola Rodríguez Aragón ou María Luisa Nache. Especializadas en zarzuela foron a estradense Mary Isaura, para quen Amadeo Vives creou o rol protagonista de *Doña Francisquita*, e a cambadesa Matilde Vázquez, quen ademais deu o paso á gran pantalla e dirixiu varias compañías líricas coas que percorreu España.

Lola Rodriguez Aragón tampouco era galega pero pasou parte da súa infancia na Coruña e recibiu clases de Bibiana Pérez; foi fundadora da Escola Superior de Canto de Madrid e a primeira muller directora do madrileño Teatro da Zarzuela. A coruñesa María Luisa Nache, cantou con Maria Callas na Scala de Milán, no Metropolitan de Nova York e foi gran defensora do repertorio galego. No campo da zarzuela destacaron a lucense Inés Rivadeneira e a coruñesa Josefina Cubeiro, legándonos numerosas e moi importantes gravacións discográficas. Rivadeneira foi ademáis unha gran mestra de canto. A ribadaviense Ángeles Gulín, foi unha das máis grandes sopranos dramáticas das décadas de 1960 a 1980; solicitada nos grandes teatros polo volumen da súa voz que competía en protagonismo coa orquesta, ademais de posuir moita versatilidade técnica o que lle permitía adaptarse a todo tipo de repertorio lírico.

Deixamos para o final ás irmás Ángeles Ottein e Ofelia Nieto, dúas das máis importantes cantantes españolas da primeira metade do século XX. Eran fillas do notario compostelano José Nieto -o famoso "nietiño" de *La casa de la Troya*- e, aínda que nacidas en Madrid, educáronse no amor a Galicia exercendo de galegas alá por onde pasaban. Ofelia foi unha extarordinaria soprano dramática de intensa pero moi breve carreira, truncada polo seu casamento e prematura morte aos 32 anos. Pola súa banda, Ángeles foi unha soprano lixeira que percorreu en varias ocasións Italia e América ademáis de ser unha afamada mestra de canto. Ambas tiñan un amplo repertorio tanto de ópera como de zarzuela do que conservamos numerosas gravacións.


ORGANIZAN

USC Universidade de Santiago de Compostela · Agencia Estatal de Investigación · Unión Europea, Fondo Europeo de Desarrollo Regional "Una manera de hacer Europa"

"I+D+i: organistrum-PID2020-115496RB-I00 / EMEXESPO-PID2021-123476NB-I00"

Amigos da Opera Santiago de Compostela · organistrum grupo de investigación GI-2025 · Tecnoeduc GI-1438

PATROCINAN

Xunta de Galicia · Deputación da Coruña · Xuventude de Galicia Centro Galego de Lisboa

COLABORAN

Consello da Cultura Galega · Real Academia Galega de Belas Artes · BNE Biblioteca Nacional de España · CESGA · Filmoteca Española · RCSMM · casa de la Troya · mae Centre de Documentació i Museu de les Arts Escèniques · sgae · Teatro alla Scala


@liricagalega
liricagalega.wixsite.com/expo
# cantanteslíricasgalegas



**Cristina Villó**
A Coruña, 1814 – Valencia, 1884



**Carolina Casanova**
Ferrol, 1847 – Madrid, 1910



**Rosario Salgado**
Pontedeume (A Coruña), 1847 – Vigo, 1932



**Dorinda Rodríguez**
Ourense, 1862 – Lisboa, 1955



**Bibiana Pérez**
Cebreros (Ávila), 1865- A Coruña, 1950



**Asunción R. Lantes**
Ferrol, 1869 – Madrid, 1915



**Ángeles Ottein**
Algete (Madrid), 1895 – Madrid, 1981



**Mary Isaura**
A Estrada (Pontevedra), 1897 – Barcelona, 1982



**Ofelia Nieto**
Algete (Madrid), 1898 – Madrid, 1931



**Matilde Vázquez**
Cambados (Pontevedra), 1905 – Madrid, 1992



**Lola Rodríguez**
Logroño, 1910 – Pamplona, 1984



**María Luisa Nache**
A Coruña, 1924 – A Coruña, 1985



**Inés Rivadeneira**
Lugo, 1928 – Madrid, 2020



**Ángeles Gulín**
Ribadavia (Ourense), 1939 - Madrid, 2002



**Josefina Cubeiro**
A Coruña, 1944- Córdoba, 2023